

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

**IES DE SABÓN
ARTEIXO**

INDICE

CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	PÁXINA
1	FINS E INTENCIÓN S EDUCATIVAS	3
2	OBXECTIVOS XERAIS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓN. ADECUACIÓN AO CONTEXTO.	4
3	ORGANIZACIÓN XERAL	6
3.1	CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO ESCOLAR	6
3.1.1	Características socioculturais	6
3.1.2	Oferta educativa do concello e zona educativa	7
3.2	CARACTERÍSTICAS PROPIAS DESTE INSTITUTO	8
3.2.1	Oferta educativa do instituto	8
3.2.2	Especialización didáctica	9
3.2.3	Medios humanos e económicos	10
3.3	ESTRUCTURA FÍSICA	11
3.4	ESTRUCTURA ORGANIZATIVA	12
4	PROXECTO LINGÜÍSTICO Ver Anexo I	14
5	PROXECTO LECTOR E A BIBLIOTECA Ver Anexo II e Anexo III	16
6	PLAN TIC Ver Anexo IIV	17
7	ATENCIÓN Á DIVERSIDADE, ACCIÓN TITORIAL E ORIENTACIÓN EDUCATIVA Ver Anexos V, VI e VII	18
8	PLAN DE CONVIVENCIA E AS NOF Ver Anexos VIII e IX	19
9	COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN DOS DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA	20
10	COLABORACIÓN E INTERCAMBIO CULTURAL	22
11	OFERTA DE ITINERARIOS, OPTATIVAS, ACTIVIDADES E SERVICIOS	24
12	CONCRECIÓN DOS CURRÍCULOS. DIRECTRICES XERAIS	26
12.1	Sobre os obxectivos xerais	26
12.2	Sobre a metodoloxía	28
12.3	Sobre os procedementos para a avaliación e os criterios de promoción	29
12.4	Sobre os contidos transversais	32

1 – FINS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS

O IES de SABÓN, como centro público que é, pretende ser consecuente cos principios que de acordo ás normas constitucionais deben orientar o ensino público.

Ademais pretende ser unha institución sensible ós temas que desde todos os ámbitos da sociedade podan afectar ós nosos alumnos; unha institución que asume os seguintes fins e principios de actuación:

A educación na liberdade, no pluralismo cultural e ideolóxico, e na tolerancia e o respecto ás diferencias entre todos os seus membros.

A educación aconfesional, respectando todas as crenzas individuais que non se opoñan ós dereitos constitucionais e que non impidan o desenvolvemento da actividade educativa no esixible e necesario clima de convivencia.

A coeducación, no seu sentido máis amplo, como medio de lograr unha igualdade efectiva que aínda está por acadar en moitos aspectos da vida cotiá.

A non discriminación e a inclusión educativa considéranse referentes para lograr unha igualdade real entre homes e mulleres e unha igualdade real de oportunidades para todas as persoas desta comunidade educativa.

A calidade da educación, no que dependa do propio centro. Entendemos que todos os membros da comunidade educativa temos o dereito e a obriga de desenvolver o noso traballo nas mellores condicións posibles. Dentro das nosas posibilidades tenderemos a mellorar as instalacións, os medios técnicos, a formación e actualización do profesorado, e o clima de convivencia e aprendizaxe do centro.

2 – OBXECTIVOS XERAIS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓN. ADECUACIÓN AO CONTEXTO.

O IES de SABÓN asume expresamente a intención de constituírse en vehículo da educación dos seus alumnos, procurando que todos e cada un deles acaden o máis alto grao de desenvolvemento posible nas súas facetas intelectuais, persoais e sociais.

Para elo, ademais de respectar os obxectivos establecidos pola normativa vixente para os distintos niveis educativos, e dentro do marco establecido para todos os centros públicos, preténdese que actividade do instituto se oriente cara á obtención de logros concretos acordados coa diversidade de alumnos e ensinanzas que se imparten.

Asúmense os obxectivos xerais que para as distintas etapas educativas se establecen nos currículos e disposicións sobre as mesmas, especialmente nos Ciclos de Formación Profesional e Bacharelato, onde pola especificidade desas ensinanzas o currículo é máis pechado. As concrecións dos currículos de cada departamento recóllense en documentos independentes para cada un deles, incluíndo estes o tratamento de temas transversais.

Non obstante, engadimos de acordo coas finalidades e principios establecidos anteriormente, os seguintes OBXECTIVOS e PRIORIDADES DE ACTUACIÓN para as distintas etapas:

BACHARELATO e CICLOS FORMATIVOS:

A Formación de maneira transversal na utilización das novas tecnoloxías da información e da comunicación, de maneira autónoma e responsable, de cara á adquisición dun coñecemento que permita ademais lograr os seguintes OBXECTIVOS:

- 1.- A autoformación.
- 2.- O acceso permanente á unha información actual e de calidade.
- 3.- Incrementar as posibilidades de formación continua e para a vida actual e futura.

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA:

- 1.- A inserción laboral dos alumnos.
- 2.- A recuperación para o sistema educativo regrado de aqueles alumnos que amosen capacidade e interese na continuidade académica.
- 3.- A formación na responsabilidade para o traballo como medio para lograr:
 - a inserción laboral
 - a madurez suficiente para a continuidade académica
- 4.- A formación dunha imaxe persoal satisfactoria e adecuada ás posibilidades de desenvolvemento persoal de cada alumno.

5.- A valoración do traballo e da formación como os mellores bens para o desenvolvemento de cada un deles na vida.

6.- A maior e mellor formación na utilización das TIC conforme o indicado no apartado anterior.

EDUCACIÓN DE ADULTOS:

NIVEL II

1.- A adquisición dos coñecementos e destrezas necesarias para a obtención do Título de Graduado en Educación Secundaria.

2.- A Orientación Académica e Profesional adecuada para que cada alumno adopte de forma responsable as mellores decisións sobre a continuidade de estudos ou incorporación á vida laboral

3.- A maior e mellor formación na utilización das TIC conforme o indicado no apartado anterior.

3 - ORGANIZACIÓN XERAL

3.1.- CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO ESCOLAR

3.1.1.- Características socioculturais

O Concello de Arteixo caracterízase por unha composición rural na maioría das parroquias; por unha moi forte presenza de industrias que se instalan no polígono industrial, en que se atopa o instituto; e pola presenza de núcleos de carácter suburbano debido á súa proximidade á cidade da Coruña, da que é limítrofe.

Tanto o polígono, como o propio Concello están inmersos nun proceso de crecemento e de expansión, atraendo un importante número de inmigrantes á zona.

A composición do alumnado é maioritariamente pertencente ás clases economicamente baixa e media-baixa, de familias de empregados nas industrias do polígono e do sector de servizos, e de familias dedicadas a labores agrícolas. Tamén hai presenza de alumnos de fóra do Concello no Ciclo Superior de Administración e Finanzas e no Ciclo de Actividades Físico-Deportivas no Medio Natural. Outro sector de alumnado é o procedente das zonas suburbanas de Meicende e de urbanizacións de vivendas sociais. Nos últimos cursos ven aumentando progresivamente o número de alumnos estranxeiros, maioritariamente latinoamericanos e marroquís, sendo este o único instituto da zona educativa que ten oferta específica de educación de adultos.

O feito de que o instituto estea situado no propio polígono industrial favorece o contacto con empresas e institucións en moitos ámbitos, como se detallará máis adiante nos respectivos apartados. Non obstante parece adecuado sinalar que hai unha grande colaboración destes organismos e do propio concello co instituto, respondendo moi favorablemente ás iniciativas do instituto, o que favorece o desenvolvemento da actividade educativa tanto nos aspectos docentes como nos económicos e de innovación educativa e tecnolóxica.

3.1.2.- Oferta educativa do Concello e zona Educativa

Oferta privada:

No concello hai un centro privado que oferta formación profesional básica e algunha gardería que atende o primeiro ciclo de educación infantil de 0-3 anos.

Oferta pública:

5 Escolas de Educación Infantil.

4 Colexios de Educación Infantil e Primaria.

3 Institutos de Educación Secundaria:

Destes o IES de Pastoriza, de Educación Secundaria Obrigatoria; o IES Manuel Murguía, de ESO e Bacharelato; e o noso **IES de Sabón**, coa oferta específica que se detalla no apartado seguinte, de **Ensinanza Postobrigatoria**: Bacharelato, Ciclos de Formación Profesional de grao Medio e Superior, Formación Profesional Básica e Ensinanzas de Adultos.

Esta oferta conforma un centro con características propias, moi diferente dos outros institutos, tanto do concello e comarca como da maioría de Galicia, xa que son poucos os centros que ofertan practicamente na súa totalidade ensinanzas de nivel post-obrigatorio.

3.2.- CARACTERÍSTICAS PROPIAS DESTE INSTITUTO

3.2.1.- Oferta educativa do Instituto

- BACHARELATO nas modalidades de
 - Ciencias e Tecnoloxía
 - Humanidades e Ciencias e Sociais

- FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA
 - Ciclo Superior de Administración e Finanzas
 - Ciclo Medio de Xestión Administrativa
 - Ciclo Medio de Instalacións Eléctricas e Automáticas
 - Ciclo Medio de Condución de Actividades físico-deportivas no Medio Natural

- EDUCACIÓN DE ADULTOS
 - Secundaria de Adultos módulos III e IV

- FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA
 - Electricidade e electrónica
 - Cociña e restauración

Esta oferta educativa responde ás necesidades de formación dun moi amplo tipo de alumnado, de idade habitualmente entre 16 e 20 anos, e loxicamente tamén maiores dada a oferta nos ciclos formativos e a ESA.

Esta oferta dá resposta a:

Alumnado con Titulación de ESO → Ciclos Medios e Bacharelatos

Alumnado con Titulación de Bacharelato → Ciclo Superior

Alumnado menores sen Titulación de ESO → FP Básica

Alumnado maiores sen Titulación de ESO → ESA

Esta oferta educativa, fundamentalmente de ensinanzas postobrigatorias, configura un centro cunhas características propias. Así, as relacións coas familias, a metodoloxía, as actividades complementarias, a orientación e a tutoría, e mesmo os obxectivos xerais das distintas etapas, e a propia organización interna e toda a actuación educativa do centro en xeral está condicionada por este feito, tendendo sempre a lograr a máxima implicación posible dos propios alumnos nas decisións que, inevitablemente, han de repercutir no seu futuro académico e profesional; e ademais están a repercutir xa seu desenvolvemento social e persoal.

3.2.2.- Especialización Didáctica

O instituto estivo inmerso, entre os anos 2003 e 2011 nun proceso de incorporación das novas tecnoloxías da información e da comunicación ás aulas, dentro dun amplo proxecto único no noso país co que se pretendía a medio prazo facer destas tecnoloxías o medio habitual para desenvolver o traballo de alumnado e profesorado nas clases, o traballo individual do alumnado, o traballo grupal e cooperativo do alumnado, o medio de investigación, o medio de comunicación entre profesorado e alumnado, entre alumnado entre si... chegando a que cada persoa matriculada no centro dispoña dun ordenador portátil como ferramenta habitual para o seu traballo escolar. En suma, adiantouse a implantación destas tecnoloxías e da metodoloxía máis actual xa que tivemos a oportunidade de incorporar os medios necesarios co esforzo do profesorado e co apoio da Fundación Amancio Ortega para dotar ó centro do equipamento e infraestruturas necesarios. Actualmente o que foi o proxecto experimental de innovación educativa “Ponte dos Brozos” está transferido ao Concello de Arteixo. Isto nos permite dispor de máis medios tecnolóxicos que a maioría de centros de Galicia e de profesorado formado na súa utilización

A dirección do centro comparte e pretende impulsar esta forma de traballo porque estamos convencidos de que as vantaxes son moitas; entre outras:

- ⊙ Adaptar mellor o proceso de ensino-aprendizaxe ó ritmo individual de cada alumno.
- ⊙ Proporcionar acceso á mesma información e ós mesmos recursos educativos a todos os alumnos, independentemente do seu nivel socioeconómico.
- ⊙ Mellorar a autonomía e a responsabilidade sobre o propio proceso de aprendizaxe.
- ⊙ Dotar ó alumnado, transversalmente, dunha formación que vai ser moi apreciada na súa vida laboral futura.
- ⊙ Proporcionar ós alumnado unha situación vantaxosa para o seu futuro desenvolvemento persoal, social e profesional.
- ⊙ Dotar ó instituto dos medios para levar a cabo o anterior.
- ⊙ Contribuír á actualización do profesorado, tanto na súa propia disciplina como nas innovacións didácticas.

En concreto, en relación ó último punto citado, a práctica totalidade do profesorado do instituto participa habitualmente en proxectos de formación, grupos de traballo, seminarios, etc. relacionados coa aplicación das TIC, tendo logrado recoñecemento nacional e internacional ás súas experiencias educativas.

3.2.3.- Medios Humanos e Económicos

O instituto conta, actualmente, cunha plantilla total de profesorado de 35 persoas. Non é previsible un aumento do número de grupos polas propias limitacións de espazo no centro, dado que as aulas e talleres están ocupadas practicamente o 100% do tempo. A partires da implantación no curso 2017/18 da FP Básica, parte do profesorado destinado no centro imparte a súa docencia no edificio CFO, pertencente ao Concello de Arteixo.

Da plantilla completa de profesorado a maioría é estable no centro, con anos de permanencia no mesmo. Dado o incremento do profesorado nos dous últimos cursos, actualmente adoita haber uns nove profesores en expectativa de destino ou interinos.

A dotación económica é a habitual dos centros públicos da Comunidade, en función das ensinanzas que imparte e o número de alumnado.

3.3.- ESTRUCTURA FÍSICA

O instituto consta de dous edificios principais de dúas plantas, destinados a aulas, oficinas e despachos, laboratorio, ximnasio e biblioteca; e de outros edificios máis pequenos e independentes destinados a talleres. Estas edificacións distribúense da seguinte maneira:

1 - Edificio A

Planta baixa: Conserxería, Administración, Sala Profesorado, Servizos Profesorado, Despachos equipo directivo e Orientación, Sala de traballo de profesorado, aula A0, Help Desk e biblioteca.

Planta Alta: 7 aulas e servizos de alumnado. Unicamente dúas destas aulas teñen capacidade para 30 alumnos, sendo o resto destinadas a desdobres e grupos pequenos.

2 - Edificio B

Planta baixa: Ximnasio, Laboratorio, aula B0, almacén de EF.

Planta alta: 4 aulas, unha delas moi pequena, destinadas ós alumnos dos ciclos de Administración, e 2 despachos do departamento de Administrativo e de FCT, e servizos.

Outros Edificios:

3 - Cafetería, anexa ó edificio B.

4 - Caseta dun transformador.

5 - Taller de Electricidade 1.

6 - Taller de Electricidade 2.

7 - Aula/Taller de Tecnoloxía, e Aula de Debuxo.

8 - Taller de Bicicletas.

Nos exteriores existe aparcamento, patio, pista deportiva con canastas e porterías, mesas exteriores de tenis de mesa e campo de herba equipado con postes para rede.

Esta estrutura é agradable á vista e ten a vantaxe de identificar os grupos de alumnado cun determinado espazo. Pola contra, fai preciso máis persoal de limpeza, con que non se conta, dada a adxudicación do mesmo por m²; e tampouco facilita a eliminación de barreiras arquitectónicas.

3.4.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

O equipo directivo do instituto consta de catro persoas que ocupan os postos de dirección, vicedirección, xefatura de estudos e secretaría, coas funcións establecidas no regulamento orgánico dos IES e nas instrucións que o desenvolven.

O persoal de administración e servicios destinado no instituto é 1 auxiliar administrativa, 1 conserxe, 1 limpadora, que exercen as súas funcións baixo a dirección do secretario.

Os departamentos didácticos constituídos no instituto son:

1. Artes plásticas
2. Ciencias naturais
3. Economía
4. Educación física
5. Filosofía
6. Física e química
7. Formación e orientación laboral
8. Francés
9. Inglés
10. Latín
11. Lingua castelá e literatura
12. Lingua galega e literatura
13. Matemáticas
14. Orientación
15. Tecnoloxía
16. Xeografía e historia
17. Familia profesional Actividades físicas e deportivas
18. Familia profesional Administración e xestión
19. Familia profesional Electricidade e electrónica
20. Familia profesional Hostalería e turismo

O departamento de relixión constitúe un caso particular, dado que polas ensinanzas e niveis que hai no instituto unicamente hai 4 horas posibles desta materia, que ás veces non se imparten todas por non ter alumnos, sendo cada ano adxudicadas a algún profesor doutro instituto que ven impartir esas horas.

Outros funcións de coordinación didáctica corresponden a:

- Formación en centros de traballo
- Equipo de Normalización lingüística
- Dinamización da Convivencia escolar
- Dinamización da Biblioteca
- Dinamización Programas internacionais

Á súa vez, todos estes estamentos organízanse con distintos cometidos en:

Consello Escolar, con representación de profesorado, de pais e nais de alumnado, de alumnado, e de persoal de administración e servicios. É o máximo órgano decisorio do instituto.

Claustro de Profesorado, constituído polo profesorado do centro; con competencias en aspectos docentes.

Comisión de Coordinación Pedagóxica, constituída por todos os xefes de departamento e dos outros órganos de coordinación didáctica; co cometido fundamental de preparar os temas a decidir posteriormente no Claustro.

As actividades complementarias teñen unha forte presenza e tradición no instituto, organizando cada departamento as que estima adecuadas para os seu alumnado, coa axuda e coordinación da **vicedirección**, que exerce a xefatura do **departamento de actividades complementarias e extraescolares**.

O relativo a estas actividades, así como ó resto de servicios, detállase nos correspondentes apartados da Programación Xeral Anual, introducindo os aspectos específicos e máis concretos cada ano.

4 – PROXECTO LINGÜÍSTICO

A lingua galega como sinal de identidade

A lingua galega é neste centro a lingua base nas relacións formais coas Administracións e cos distintos sectores da comunidade educativa, tendendo á súa extensión ás relacións informais. A potenciación progresiva da presenza da lingua e a cultura galega no ensino constitúe un dos principios que orientan o labor docente.

Respectando a normativa vixente sobre o uso do galego e o indicado no parágrafo anterior, propóñense como grandes obxectivos en relación coa lingua galega os que se detallan de seguido:

Obxectivos xerais

- Mellorar a consideración social da lingua e eliminar os prexuízos (a suposta superioridade dalgunhas para a transmisión do pensamento e a cultura), ou sobre as variantes xeográfico-sociais das mesmas (a idea de que os dialectos son falas incorrectas, ou o suposto de que a norma culta é a única aceptable).
- Valoración da lingua como medio de comunicación privilexiado, elemento configurador da identidade persoal e colectiva e valor fundamental de cohesión na nosa comunidade.
- Valoración da pluralidade lingüística como un patrimonio da humanidade e de riqueza persoal.

Xa que logo, haberá que procurar un cambio nas actitudes, teóricas e prácticas, que dea como resultado persoas máis informadas, tolerantes, conscientes e competentes nos temas lingüísticos. En definitiva, búscase asumir, valorar, dignificar e prestixiar a lingua a todos os niveis.

Obxectivos específicos

Na acción normalizadora, consideramos como elementos de relevancia:

- A implicación dos membros da comunidade educativa.
- Potenciar os usos lingüísticos, establecendo como obxectivo prioritario a aprendizaxe activa en lingua galega, potenciando as competencias activas sobre as pasivas.
- Fomentar a normalización lingüística da comunidade educativa colaborando con outras institucións ou centros educativos.

Obxectivos que afectan á globalidade do Centro:

- Fomentar a normalización lingüística da comunidade educativa.
- Solicitar que se cumpra o decreto sobre materias a impartir en lingua galega.

- Actualizar a descrición sociolingüística do centro efectuando un novo estudo sociolingüístico.
- Fomentar o uso da lingua galega nas actividades complementarias e actos que o centro organice.
- Determinar a existencia de determinado tipo de estereotipos e prexuízos sobre a viabilidade do idioma galego, así como do escepticismo a propósito da súa capacidade para constituírse en vehículo de produción cultural, científica e técnica, se a houber.
- Coordinar o labor normalizador dos diversos membros da comunidade educativa.
- Potenciar o coñecemento da normativa vixente por parte do profesorado, alumnado, persoal non docente e pais de alumnos, estes últimos por medio do Consello Escolar.
- Continuar promovendo o galego en todas as tarefas administrativas e informativas do centro, reafirmándoo como lingua de uso habitual.
- Dar a coñecer o grande esforzo da normalización a todos os niveis.
- Asesorar tecnicamente á comunidade educativa no que se refire a cuestións lingüísticas.
- Procurar que a lingua galega estea presente nos aspectos visuais do centro: taboleiros de anuncios, cafetería, biblioteca, etc.

Nos plan de dinamización e normalización lingüística de cada curso, estableceranse obxectivos concretos para os distintos sectores da comunidade educativa, así como as actividades previstas para acadalos.

O proxecto lingüístico, que respectará o indicado neste capítulo, constitúe un documento independente que se xunta como anexo.

PROXECTO LINGÜÍSTICO – ANEXO I

5 – PROXECTO LECTOR

O proxecto lector contéplase regulamentariamente no decreto 133/2007 polo que se regulan as ensinanzas da ESO na comunidade autónoma de Galicia.

Non así na normativa propia de bacharelato ou formación profesional, que non inclúe nestes niveis un tempo específico de lectura.

Non obstante, toda a comunidade educativa deste instituto é consciente da importancia que este aspecto ten na formación dos noso alumnado. Por iso, o centro ven desenvolvendo unha actividade importante de animación á lectura e de dinamización da biblioteca, ata o punto de que no curso 2012-2013 o centro foi incorporado á rede de centros que participan no plan de mellora de bibliotecas escolares de Galicia.

A patires da actividade de biblioteca, o centro conta cun proxecto lector e cunha programación propia de actividades da biblioteca, á que contribúen en distinta medida o resto de departamentos.

Ámbolosdous figuran en documento aparte.

PROXECTO LECTOR – ANEXO II

MELLORANDO A BIBLIO-TIC ANEXO III

6 – PLAN TIC

Como se indicou no apartado das características propias do instituto, vimos facendo desde hai anos un traballo intenso na incorporación das Tecnoloxías da Información e da Comunicación á práctica docente diaria.

Pola gran entidade que ten este aspecto na actividade diaria do instituto, recóllese en documento aparte o plan TIC específico deste centro.

[PLAN TIC – ANEXO IV](#)

7 – ATENCIÓN Á DIVERSIDADE, ACCIÓN TITORIAL E ORIENTACIÓN EDUCATIVA

A acción titorial común para cada grupo de alumnado e as formas de atención á diversidade do seu alumnado figuran en documentos independentes, aprobados por separado:

[PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE – ANEXO V](#)

[PLAN DE ACCIÓN TITORIAL – ANEXO VI](#)

[PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL – ANEXO VII](#)

Todos eles respectarán os principios establecidos no apartado 2 deste PEC.

As directrices xerais de atención á diversidade, da orientación e da acción titorial estarán recollidas nos seus respectivos planos.

Anualmente, farase a concreción dos mesmos en función do alumnado que presenten necesidades educativas especiais e da natureza destas necesidades.

Corresponde aos departamentos didácticos establecer as medidas de atención a alumnos coa materia pendente, a repetidores, a atención fóra de horario, etc. e organizar anualmente as medidas que consideren precisas en función do alumnado destinatarios das mesmas.

8 – PLAN DE CONVIVENCIA E NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Figuran en documentos independentes. Respetarán os principios e valores recollidos no apartado 2 deste PEC.

[PLAN DE CONVIVENCIA – ANEXO VIII](#)

[NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO – ANEXO IX](#)

9 – COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN DOS DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA

PROFESORADO

Participación institucional:

- Comisión de Coordinación Pedagóxica
- Claustro de Profesores
- Departamentos

A dimensión relativamente pequena do instituto favorece, ademais, a comunicación individual do profesorado coa dirección e cos pais de alumnos.

ALUMNADO

Participación Institucional:

- Representantes no Consello Escolar
- Delegados de Curso
- Xunta de Delegados, que se reúne cando o desexa, fora de horario lectivo, sen máis trámite que notificalo

Participación Individual:

- Relación directa co profesorado e titores.
- Relación directa coa orientadora.
- Relación directa coa dirección.

PAIS DE ALUMNADO

Non hai ANPA constituída.

Relación directa cos titores correspondentes.

Relación directa cos membros da dirección.

Relación directa co profesorado.

Relación directa coa orientadora.

CONCELLO

Relación institucional

1 Representante no Consello Escolar

Malia non ter outro tipo de relación obrigada ou de participación na xestión ou mantemento do centro, como se dá en primaria, a relación do centro co Concello é habitual e considerable, afectando entre outros aspectos a:

Relación e colaboración coa dirección en temas de centro.

Relación e colaboración coa orientadora en temas de servizos sociais e actividades educativas.

Relación e colaboración con coa dirección e con profesorado para actividades extraescolares e desenvolvemento de programas ou campañas do Concello dirixidos aos xoves.

Colaboración coa coordinación de FCT e titores de prácticas para o desenvolvemento da Formación en Centros de Trabajo.

Dende a implantación da FP Básica a comunicación có Concello resulta imprescindible que sexa continua para coordinar as actuacións no CFO, edificio no que se imparten ditas ensinanzas e que pertence ao Concello de Arteixo.

EMPRESAS DA ZONA

Moitas empresas do Concello participan na actividade do instituto para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional, por medio das prácticas que os alumnos destes ciclos realizan nelas, dentro do módulo Formación en Centros de Trabajo.

Esto permite una relación das empresas co instituto e cos propios alumnos.

Os resultados inmediatos desta colaboración permite:

- Mellorar a programación destas prácticas e mesmo adaptar contidos ó entorno socioeconómico do instituto.

- Coñecer directamente o entorno productivo do instituto.

- Proporcionar un coñecemento directo ós empresarios do alumnado e ó alumnado das empresas onde é probable que desenvolvan a súa vida laboral.

- Favorecer a inserción laboral do alumnado.

A relación de empresas participantes figura no plan que cada curso se prepara para os alumnos dese ano académico para o desenvolvemento, seguimento e avaliación da Formación en Centros de Trabajo.

10 – COLABORACIÓN E INTERCAMBIO CULTURAL

O instituto ven participando desde hai anos en distintos proxectos e iniciativas de innovación educativa, proxectos de formación en centros, etc. As actividades de cada curso detállanse no plan anual ou apartado da programación xeral anual correspondente.

Tamén se ven impulsando a realización de FCT no estranxeiro e o intercambio con outros centros escolares estranxeiros. Estas actividades recóllense nos seus apartados correspondentes da programación xeral anual.

Esta liña de actuación levou ao instituto a conseguir a carta Erasmus, que se pretende manter no sucesivo.

As relacións con outros organismos e institucións recóllense tamén na programación xeral ou nas planificacións dos distintos departamentos. Aparte desas, habitualmente existen as seguintes colaboracións:

UNIVERSIDADES DA CORUÑA E SANTIAGO:

Colaboración no desenvolvemento de *Practicum* de Psicopedagogía.

Permite completar a formación de alumnos universitarios en áreas concretas do seu currículo e, ó mesmo tempo, favorece a actualización dos profesores nas súas respectivas especialidades ó estar en contacto con alumnos que están actualmente rematando os seus estudos e con profesores destes alumnos.

XUNTA DE GALICIA:

Participación en distintas campañas promovidas por diferentes organismos da Consellería de Educación e/ou outras:

- Campañas e actividades de Normalización Lingüística
- Campañas e actividades de Promoción de Emprego
- Campañas e actividades de orientación académica.
- Participación en programas destinados aos xoves (Saúde, etc.)

CONCELLO DE ARTEIXO:

Relación institucional:

A través do representante no Consello Escolar

Servicios Sociais:

- Detección e intervención conxunta en situacións susceptibles de asistencia social.
- Asesoramento educativo para atención a adultos, alumnos estranxeiros, alumnos con Necesidades Educativas Especiais, etc.

Departamento de Educación

Participación en actividades organizadas polo concello.

Canalización de campañas dirixidas aos xoves.

Subvencións a actividades complementarias ou equipamento.

Cesión de instalacións do centro para actividades do concello (Rocódromo; a escola municipal de escalada desenvólvese no instituto).

Xestión do equipamento cedido para o desenvolvemento da “Aula Ponte dos Brozos”.

Becas do Concello a alumnos de ciclos para realizar a FCT no estranxeiro.

11 - OFERTA DE ITINERARIOS, OPTATIVAS, ACTIVIDADES E SERVICIOS

BACHARELATO:

1º Curso:

MATERIAS TRONCAIS		
Filosofía (3 horas)	Lingua castelá e literatura I (3 horas)	Educación Física (2 horas)
Lingua galega e literatura I (3 horas)	Lingua estranxeira I (3 horas)	
MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN (Todas de 4 h)		
<input type="checkbox"/> CIENCIAS	<input type="checkbox"/> HUMANIDADES	<input type="checkbox"/> CIENCIAS SOCIAIS
Matemáticas I Física e Química	Latín I Grego I	Mat. aplicadas CCSS Economía
<i>Elixir unha</i>	<i>Elixir unha</i>	<i>Elixir unha</i>
<input type="checkbox"/> Debuxo Técnico <input type="checkbox"/> Bioloxía e Xeoloxía	<input type="checkbox"/> Literatura Universal <input type="checkbox"/> Historia do Mundo Contemporáneo	<input type="checkbox"/> Literatura Universal <input type="checkbox"/> Historia do Mundo Contemporáneo
MATERIAS ESPECÍFICAS E LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA (Deberá cursar 6 h tendo que escoller tres materias)		
CIENCIAS <i>Elixir unha de cada bloque</i>	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS <i>Elixir unha de cada bloque</i>	
<input type="checkbox"/> Tecnoloxía Industrial I (3 h) <input type="checkbox"/> Anatomía (3h)	<input type="checkbox"/> Antropoloxía (2h) <input type="checkbox"/> Literatura hispánica (2h)	
<input type="checkbox"/> Francés (2h) <input type="checkbox"/> TIC (2h)	<input type="checkbox"/> Cultura Científica (2 h) <input type="checkbox"/> Francés (2h)	
<input type="checkbox"/> Proxecto (1h) <input type="checkbox"/> Relixión (1h)	<input type="checkbox"/> TIC (2h)	

2º Curso:

MATERIAS TRONCAIS (Todas de 3 h semanais)			
Historia de España		Lingua castelá e literatura II	
Lingua galega e literatura II		Lingua estranxeira II	
MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN (Todas de 4 h semanas)			
<input type="checkbox"/> CIENCIAS		<input type="checkbox"/> HUMANIDADES	<input type="checkbox"/> CIENCIAS SOCIAIS
Matemáticas II		Latín II Historia da Filosofía	Mat. aplicadas CCSS Historia da Filosofía
<i>Elixir bloque</i>		<i>Elixir unha</i>	
<input type="checkbox"/> Física <input type="checkbox"/> Química	<input type="checkbox"/> Bioloxía <input type="checkbox"/> Química	<input type="checkbox"/> Grego II <input type="checkbox"/> Historia da Arte	<input type="checkbox"/> Economía da Empresa <input type="checkbox"/> Historia da Arte
<input type="checkbox"/> Física <input type="checkbox"/> Deb. Técn II			
MATERIAS ESPECÍFICAS E LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA (Deberá cursar 8h tendo que escoller entre dúas e tres materias. Tes que escoller unha materia por bloque segundo itinerario)			
CIENCIAS		HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	
ITINERARIO 1	ITINERARIO 2	ITINERARIO 1	ITINERARIO 2
Bloque 1 (4h)	Bloque 1 (3h)	Bloque 1 (4h)	Bloque 1 (3h)
<input type="checkbox"/> Xeoloxía <input type="checkbox"/> Historia da Filosofía	<input type="checkbox"/> TIC II <input type="checkbox"/> Francés II	<input type="checkbox"/> Xeografía	<input type="checkbox"/> TIC II
Bloque 2 (3h)	Bloque 2 (3h)	Bloque 2 (3h)	Bloque 2 (3h)
<input type="checkbox"/> Tecnoloxía Ind. II <input type="checkbox"/> Cienc.da T e M.Amb.	<input type="checkbox"/> Tecnoloxía Ind. II <input type="checkbox"/> Ciencias da T e M.Amb.	<input type="checkbox"/> Francés II <input type="checkbox"/> Fundam. Admon. e Xestión	<input type="checkbox"/> Francés II <input type="checkbox"/> Fundam. Admon.e Xestión.
Bloque 3 (1h)	Bloque 3 (2h)	Bloque 3 (1h)	Bloque 3 (2h)
<input type="checkbox"/> Relixión <input type="checkbox"/> Actividades Físicas <input type="checkbox"/> Comunicación	<input type="checkbox"/> Electrotecnia II <input type="checkbox"/> Métodos Estad. e Num.	<input type="checkbox"/> Relixión <input type="checkbox"/> Actividades Físicas <input type="checkbox"/> Comunicación	<input type="checkbox"/> Historia e Xeografía de Galicia <input type="checkbox"/> Patrimonio Artíst. e Cultural de Galicia <input type="checkbox"/> Literatura galega século XX e actual.

Dada a evolución da normativa referente ao currículo do Bacharelato, estes itinerarios poderían ser ampliados ou modificados segundo as propostas do profesorado e mesmo coas propostas do alumnado.

No resto de ensinanzas que se ofertan non hai optatividade por non permitilo o currículo.

Non se ofertan actividades extraescolares de forma sistemática. As numerosas actividades complementarias, que dependen dos Departamentos, detállanse no Plan Anual de Actividades.

12 - CONCRECIÓN DOS CURRÍCULOS

A concreción dos currículos de cada etapa e o tratamento transversal da educación en valores recóllese nas programacións didácticas de cada materia, ciclo, módulo, ou ámbito.

Estas programacións respectarán a normativa específica de cada unha das ensinanzas que se imparten, que teñen regulamentación diferenciada para cada una delas. En concreto, para Bacharelato, o artigo 14.1 da orde de 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na comunidade autónoma de Galicia (e posterior normativa que poida modificar esta). Para FP o artigo 23 da orde de 12 de xullo de 2011 pola que se regulan a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

Igualmente respectarán os principios recollidos no apartado 2 deste PEC.

Os xefes de cada departamento manterán actualizadas estas programacións, e daránlles publicidade de acordo co establecido regulamentariamente.

Terán en contas as seguintes directrices:

12.1.- SOBRE OS OBXECTIVOS XERAIS

Asúmense os obxectivos xerais que para as distintas etapas educativas se establecen nos currículos e disposicións sobre as mesmas, especialmente nos Ciclos de Formación Profesional e Bacharelato, onde pola especificidade desas ensinanzas o currículo é máis pechado.

Non obstante, tanto NO BACHARELATO como nos CICLOS FORMATIVOS engadimos ó indicados no parágrafo anterior como **FINALIDADE**:

A Formación de maneira transversal na utilización das novas tecnoloxías da información e da comunicación, de maneira autónoma e responsable, de cara á adquisición dun coñecemento que permita ademais lograr os seguintes **OBXECTIVOS**:

- 1.- A autoformación.
- 2.- O acceso permanente á unha información actual e de calidade.
- 3.- Incrementar as posibilidades de formación continua e para a vida actual e futura.

Na Formación Profesional Básica e na educación de adultos, polo seu especial carácter formativo, e polas características do alumnado a que vai destinado, os obxectivos establecidos nas respectivas normativas orientaranse á consecución das seguintes **FINALIDADES**:

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

- 1.- A inserción laboral dos alumnos.
- 2.- A recuperación para o sistema educativo regrado de aqueles alumnos que amosen capacidade e interese na continuidade académica.
- 3.- A formación na responsabilidade para o traballo como medio para lograr:
 - a inserción laboral
 - a madurez suficiente para a continuidade académica
- 4.- A formación dunha imaxe persoal satisfactoria e adecuada ás posibilidades de desenvolvemento persoal de cada alumno.
- 5.- A valoración do traballo e da formación como os mellores bens para o desenvolvemento de cada un deles na vida.
- 6.- A maior e mellor formación na utilización das TIC de acordo co indicado no apartado anterior.

NA EDUACIÓN DE ADULTOS

NIVEL II

- 1.- A adquisición dos coñecementos e destrezas necesarias para a obtención do Título de Graduado en Educación Secundaria.
- 2.- A Orientación Académica e Profesional adecuada para que cada alumno adopte de forma responsable as mellores decisións sobre a continuidade de estudos ou incorporación á vida laboral
- 3.- A maior e mellor formación na utilización das TIC segundo o indicado no apartado anterior.

12.2.- SOBRE A METODOLOXÍA

Cada departamento didáctico establecerá na súa programación as características metodolóxicas propias de cada materia ou módulo, indicando as especificidades de cada nivel se o houber.

No caso de haber Adaptacións Curriculares os departamentos afectados indicarán para cada alumno a metodoloxía de forma individualizada en cada documento de ACI que houber.

Igualmente corresponde a cada departamento organizar as medidas de atención á diversidade para os alumnos concretos destinatarios das mesmas: atención a alumnos coa materia pendente, plan específico para repetidores, atención fóra de horario a alumnos concretos.

Nas programacións citadas teranse en conta os seguintes CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL:

1. A utilización dunha metodoloxía actual e adecuada ás características propias de cada materia.
2. A utilización de métodos absolutamente respectuosos coas características individuais de cada alumno, dado que a metodoloxía é en si mesma a mellor fonte de transmisión de valores.
3. A formación nos métodos de traballo máis eficaces propios de cada disciplina por medio da utilización deses métodos nas clases, coa finalidade de dotar ó alumno de instrumentos para a propia autoformación nun futuro inmediato.
4. A maior utilización posible das TIC en cada materia ou módulo según o indicado na introducción.
5. A toma de conciencia de que a metodoloxía e o mellor instrumento para educación en valores; de que é, inevitablemente, a mellor maneira de transmitir os valores do profesor aínda de forma non consciente por parte deste. Este feito obríganos a todos os profesores a facer unha opción explícita da metodoloxía a empregar nas clases e en todas as relacións persoais cos alumnos.

12.3.- SOBRE OS PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN E CRITERIOS DE PROMOCIÓN.

Os procedementos, técnicas e instrumentos de avaliación de cada materia ou módulo estarán indicados nas programacións didácticas de cada departamento.

24 horas antes da sesión de avaliación todos os profesores deberán ter pasadas as súas cualificacións ao programa XADE para que podan ser examinadas polo titor previamente á sesión para preparar mellor a mesma.

A sesión de avaliación será convocada pola xefatura de estudos, presidida polo titor, e contará coa asistencia de todo o profesorado que imparta clase no grupo e da orientadora. Queda ó criterio unánime da Xefatura de Estudos e titor aprazar a sesión de avaliación pola non asistencia de algún ou algúns membros do profesorado.

Se despois de algunha avaliación final, ordinaria ou extraordinaria, houberse algunha modificación na cualificación de algún alumno por erro, reclamación, ou reconsideración de algún profesor, o xefe de estudos convocará de novo ó equipo docente se despois de notificarlle esta circunstancia ó resto dos profesores do mesmo, algún deles desexase que se reconsidere a situación do alumno.

A sesión de avaliación estará encamiñada ó análise do conxunto do grupo, de casos individuais, e de toma de decisións para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe do grupo e de cada alumno en particular.

1.- Para os BACHARELATOS establécese:

Tres sesións conxuntas de avaliación, ó remate de cada trimestre, coincidindo a última delas coa avaliación final de acordo co establecido na normativa destas ensinanzas. Estas sesións poderán trasladarse a outra data próxima á indicada no caso de haber moita diferenza na duración dos trimestres por mor da variabilidade das vacacións de Semana Santa. En caso de non coincidir coa fin de trimestre establecerase a data no primeiro Consello Escolar de cada curso, cando se aprobe o calendario escolar. A avaliación final do curso 2º dos Bacharelatos celebrarase nas datas establecidas pola CIUG, de acordo coa normativa vixente.

Unha avaliación cualitativa co seguinte procedemento: O titor fará chegar a todos os profesores do grupo unha planilla cos nomes de todos os alumnos do grupo. Na casilla correspondente cada profesor anotará toda a información relevante sobre cada alumno que sirva para que o titor teña coñecemento da situación de cada alumno sen agardar á primeira avaliación (actitude, aproveitamento, puntualidade, realización dos traballos...). Á vista desta

información o titor decidirá conxuntamente coa Xefatura de Estudos e Departamento de Orientación a conveniencia de reunir o grupo de profesores ou de tratar algún caso individualmente; e tamén a conveniencia de enviar información ás familias de todos ou de algún caso de alumnos tras esta avaliación. Esta avaliación terá lugar a mediados do primeiro trimestre, dando unha semana de prazo para que os profesores devolvan a planilla cuberta ó titor.

Unha avaliación final extraordinaria no mes de setembro, de acordo coa normativa vixente.

Os criterios de promoción son os establecidos na normativa vixente.

2.- Para os CICLOS FORMATIVOS establécese:

As avaliacións preceptivas que están fixadas na normativa de acordo coa duración de cada ciclo, respectando o mesmo procedemento e prazos para facer constar as cualificacións que se indicou con carácter xeral.

Os criterios de promoción son os establecidos na normativa vixente.

3.- Para a FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA establécese:

Unha reunión de avaliación inicial despois do primeiro mes de clase, que permita poñer en coñecemento do equipo as primeiras impresións dos profesores, a información de titoría e a valoración do departamento de orientación destes alumnos, de cara a adaptar individualmente o currículo segundo as capacidades e intereses dos alumnos.

Tres sesións de avaliación, unha ó remate de cada trimestre. A avaliación final deste grupo será nunha data que permita ó alumnado que o desexe matricularse nas probas de acceso a Ciclos de FP.

No caso de que algunha das áreas sexa impartida por máis dun profesor, estes deberán acordar a cualificación conxunta previamente á sesión de avaliación trimestral ou final.

O programa considérase superado con todas as áreas aprobadas, como establece a normativa vixente.

4.- Para as ENSINANZAS DE ADULTOS (NIVEL II) establécese:

Os alumnos asignaranse inicialmente ó modulo que lles corresponda en función das cualificacións académicas obtidas na ESO, de acordo coa normativa actual.

Non obstante o anterior, durante o primeiro mes de clase aconsellarase ós alumnos o cambio ó módulo anterior ou seguinte en caso de observarse que non seguen con aproveitamento as ensinanzas do módulo en que están ou que poden seguir con aproveitamento as ensinanzas do módulo seguinte. Dito cambio debe ser aceptado voluntariamente polo alumno.

O alumnado que non aporten documentación académica serán asignados ó módulo que se estime adecuado despois das preceptivas probas de avaliación inicial.

Para o alumnado dos módulos III e IV, con anterioridade á avaliación cuadrimestral que permite o paso dun a outro módulo, realizarase unha sesión de avaliación para que podan recibir un boletín informativo en Decembro, ó tempo que o resto dos alumnos do instituto.

En tanto non se modifique o número de grupos e de profesorado que podan impartir neste nivel, non se procederá á oferta simultánea dos módulos III e IV, impartíndose o III o primeiro cuadrimestre e o IV o segundo cuadrimestre.

Permitirase, de acordo coa normativa, a asistencia ao módulo IV de alumnado con ámbitos suspensos no III, suxeitos para a súa cualificación nestes últimos á avaliación positiva dos mesmos na sesión extraordinaria do mes de maio.

Para que un alumno sexa proposto polo instituto para a expedición do título de Graduado en Educación Secundaria é preciso que teña superados todos os ámbitos dos módulos III e IV da Educación Secundaria de Adultos.

12.4.- SOBRE OS CONTIDOS TRANSVERSAIS

O artigo 94 do Dto.. 324/96 polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria establece que os Proxectos Curriculares de etapa incluírán "... orientacións para incorporar, a través das distintas áreas da educación secundaria obrigatoria, a educación moral e cívica, a educación para a paz, a igualdade de oportunidades entre os sexos, a educación ambiental, sexual, para a saúde, a educación do consumidor e a educación vial". Vixiarase especialmente a adopción de medidas para garantir a igualdade entre homes e mulleres.

Aínda que neste instituto non se imparte a etapa referida no parágrafo anterior, entendemos que as citadas áreas transversais responden a cuestións ás que a nosa sociedade é especialmente sensible neste momento. Por ese motivo, aínda que non sexan temas explicitamente contemplados nas programacións didácticas, asumimos as seguintes directrices sobre este tema:

É conveniente a participación solidaria nas compañías relacionadas cos citados temas que programen as Autoridades Educativas, Municipais ou outras organizacións sociais, sempre que sexan adecuadas á idade dos nosos alumnos.

A metodoloxía, como se indicou anteriormente, e o mellor instrumento para a educación en valores; a mellor maneira de transmitir os valores tanto da institución escolar como do profesor, mesmo de forma non consciente por parte deste. Este feito obríganos a todos os profesores a facer unha opción explícita da metodoloxía a empregar nas clases e en todas as relacións persoais cos alumnos, de maneira que se favoreza expresamente a transmisión de valores acordes co carácter democrático e plural que debe prevalecer no noso entorno social, e polo tanto no noso entorno educativo.

Procurarase destacar nas programacións docentes aqueles aspectos relativos á metodoloxía máis directamente relacionados cos valores indicados; e mesmo procurarase optar por materiais curriculares e didácticos que mellor respondan á explicitación dos indicados valores. Na elaboración dos materiais propios procuraremos ser especialmente coidadosos na utilización dunha linguaxe, exemplos, ilustracións, etc. para que respondan ós indicados valores transversais.